

trámites, acordou aprobar o proxecto de construcción da obra de acondicionamento da estrada PO-342 Virxe do Camiño-Cela. Treito: Virxe do Camiño-Mosende (clave PO/02/028.01). Esta aprobación serviu de base para que o Consello da Xunta de Galicia, no seu Decreto 83/2005, do 14 de abril (DOG do 26 de abril), acordase a declaración de utilidade pública e a urgente ocupación dos bens e dereitos afectados.

Ante as reiteradas peticións dos afectados, solicitando un acondicionamento da estrada máis suave, realizouse un estudo para estimar a intensidade media de tráfico diaria (IMD) da estrada PO-342, para un horizonte de 20 anos, resultando esta inferior a 3.000 vehículos/día. O citado estudo destaca que no mesmo corredor da PO-342 se atopan a A-55 e a AP-9, ambas vías de alta capacidade. A Dirección Xeral de Obras Públicas considera como vías de baixa IMD todas aquellas que non superan o límite de 3.000 vehículos/día. Segundo esta norma, o director xeral de Obras Públicas, actuando por delegación da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, resolveu, o 18 de maio de 2006, deixar sen efecto a Resolución do 4 de agosto de 2004 pola que se aprobaba o devandito proxecto de construcción, para así poder redactar un novo proxecto atendendo as particularidades das estradas de baixa IMD.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación co previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia ión do día vinte e sete de xullo de dous mil seis,

#### *DISPOÑO:*

Artigo único.-Deixar sen efecto a declaración de utilidade pública e urgente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construcción da obra de acondicionamento da estrada PO-342 Virxe do Camiño-Cela. Treito: Virxe do Camiño-Mosende (clave PO/02/028.01).

Santiago de Compostela, vinte e sete de xullo de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

María José Caride Estévez  
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Decreto 147/2006, do 31 de agosto, polo que se modifica o Decreto 156/2002, do 18 de abril, polo que se establecen os prezos públicos dos conservatorios de música, centros autorizados de música, conservatorios de danza, centros autorizados de danza, escolas oficiais de idiomas e Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.*

A norma que determina os prezos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para as ensinanzas de réxime especial de música, danza, idiomas e conservación e restauración de bens culturais é o Decreto 156/2002, do 18 de abril. Desde a promulgación desta norma ata a actualidade implantáronse en Galicia as ensinanzas superiores de arte dramática e as ensinanzas superiores de deseño, o que fai preciso fixar os prezos destas ensinanzas, así como axustar os xa existentes noutros ámbitos educativos co obxecto de homoxeneizar os criterios para a súa aplicación, mediante a publicación do correspondente decreto.

Para estes efectos, establecense os prezos públicos tomando como unidade de referencia o crédito naquelas ensinanzas que xa teñen definida a súa estrutura curricular de acordo con este patrón, e diferenciando as que son conducentes a unha titulación equivalente a diplomatura universitaria daqueloutras equivalentes a licenciatura universitaria, segundo dispón a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Así mesmo, establecense os prezos públicos de acordo co artigo 9 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, co fin de procurar a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a eliminación de toda discriminación derivada de prexúzos sociais fundamentados no xénero.

Na súa virtude, e de conformidade co previsto no artigo 47 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, logo de informe da Consellería de Economía e Facenda, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta e un de agosto de dous mil seis.

#### *DISPOÑO:*

Artigo único.

Os artigos do Decreto 156/2002, do 18 de abril, polo que se establecen os prezos públicos dos con-

servatorios de música, centros autorizados de música, conservatorios de danza, centros autorizados de danza, escolas oficiais de idiomas e Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, que a continuación se relacionan, quedarán redactados como seguen:

Un

«Artigo 1º

Este decreto establece a contía dos prezos públicos correspondentes ás ensinanzas regradas de música, danza, arte dramática, idiomas, conservación e restauración de bens culturais e estudos superiores de deseño na Comunidade Autónoma de Galicia».

Dous

«Artigo 2º

1. Nas ensinanzas de música e artes escénicas en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria os prezos públicos correspondentes ás ensinanzas regradas de música serán os seguintes:

a) Grao elemental de música e de danza.

Apertura de expediente: 19 euros.

Servizos xerais: 11 euros.

Matrícula de curso completo: 90 euros.

Matrícula de disciplinas soltas: 30 euros.

Validación de disciplinas soltas: 6 euros.

b) Grao medio de música e de danza.

Preinscripción proba de acceso: 30 euros.

Apertura de expediente: 19 euros.

Servizos xerais: 11 euros.

Matrícula de curso completo: 150 euros.

Matrícula de disciplinas soltas: 45 euros.

Validación de disciplinas soltas: 6 euros.

c) Grao superior de música e de danza.

Preinscripción proba de acceso: 60 euros.

Apertura de expediente: 19 euros.

Servizos xerais: 11 euros.

En primeira e segunda matrícula, por crédito: 5 euros.

En terceira ou sucesivas matrículas, por crédito: 8 euros.

Validación de disciplinas por crédito: 1 euro.

d) Ensinanzas superiores de arte dramática.

Preinscripción proba de acceso: 60 euros.

Apertura de expediente: 19 euros.

Servizos xerais: 11 euros.

En primeira e segunda matrícula, por crédito: 5 euros.

En terceira ou sucesivas matrículas, por crédito: 8 euros.

Validacións de disciplinas por crédito: 1 euro.

2. O alumnado que curse simultaneamente dúas especialidades aboará os prezos públicos correspondentes a un curso completo máis os das materias soltas que sexan necesarias para complementar a outra especialidade, e non deberá aboar os prezos públicos das materias comúns nesta segunda especialidade.

3. O importe aboado polo alumnado que se matricole en disciplinas soltas correspondentes a un mesmo curso non poderá exceder o fixado para o curso completo».

Tres

«Artigo 3º

Nas escolas oficiais de idiomas a contía dos prezos públicos para os conceptos e ensinanzas será a que se indica a continuación:

Apertura de expediente: 19 euros.

Servizos xerais: 11 euros.

Matriculación por idioma: 70 euros.

Proba de nivel: 15 euros.

Cursos monográficos (por cada hora): 3 euros».

Catro

«Artigo 4º

1. Nas ensinanzas superiores de artes plásticas e deseño, en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, os prezos públicos correspondentes ás ensinanzas regradas de música serán os seguintes:

a) Ensinanzas superiores de conservación e restauración de bens culturais.

Preinscripción proba de acceso: 50 euros.

Apertura de expediente: 19 euros.

Servizos xerais: 11 euros.

Matrícula curso completo: 250 euros.

Matrícula de disciplinas soltas: 50 euros.

Validación de disciplinas: 10 euros.

b) Ensinanzas superiores de deseño.

Preinscripción proba de acceso: 50 euros.

Apertura de expediente: 19 euros.

Servizos xerais: 11 euros.

En primeira e segunda matrícula, por crédito: 3 euros.

En terceira ou sucesivas matrículas, por crédito: 4 euros.

Validacións de disciplinas por crédito: 1 euro.

Cursos monográficos por crédito: 30 euros.

2. O importe aboadoo polo alumnado que se matricole en disciplinas soltas correspondentes a un mesmo curso non poderá exceder o fixado para o curso completo».

#### *Disposición derradeira*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela trinta e un de agosto de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

*Orde do 14 de agosto de 2006 pola que se resolve a convocatoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para o curso 2006/2007.*

Por Orde do 19 de maio de 2006 (DOG do 30 de maio), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocou o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da consellería, para o curso 2006/2007.

Reunida a comisión de valoración prevista no punto sexto da devandita orde, de acordo coa proposta formulada por ela e de conformidade cos puntos segundo e séptimo da orde de referencia,

#### *RESOLVO:*

Primeiro.-Conceder as contías que se sinalan no anexo I aos centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares durante o curso 2005/2006, vistas as memorias de actividades levadas a cabo no devandito curso e os proxectos presentados para o curso 2006/2007.

Segundo.-Integrar no Plan de mellora de bibliotecas escolares 2006/2007 os 60 novos centros seleccionados, que se relacionan no anexo II.

Terceiro.-Asignar as contías que se detallan nos devanditos anexos, destinadas a poñer en marcha os proxectos presentados.

Cuarto.-Os gastos realizados xustificaranse segundo o previsto no punto oitavo da Orde do 19 de maio de 2006, antes do 30 de xuño de 2007.

Cuarto.-A non entrega da memoria e/ou xustificación do gasto no prazo sinalado poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas, debendo proceder o centro ao reintegro da cantidad percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan exixir.

Quinto.-O incumprimento total ou parcial dos proxectos ou das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión poderán dar lugar á anulación ou modificación da contía do importe concedido.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2006.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

#### *ANEXO I*

Centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares 2005/2006 (parágrafo segundo, punto 1º da Orde do 19 de maio)

CÓDIGO	NOME DO CENTRO	CONCELLO	PROVINCIA	IMPORTE CONCEDIDOS			
				MOBILIARIO	EQUIPOS	GASTOS FUNCIONAMENTO	TOTAL
15000107	CEIP BISPO GUERRA CAMPOS	AMES	A CORUÑA	1.000	2.000	1.000	4.000
15001070	CPI CRUZ DO SAR	BERGONDO	A CORUÑA	4.000	2.266	1.500	7.766
15002165	CEIP WENCESLAO FDEZ. FLÓREZ	CAMBRE	A CORUÑA	4.000	2.000	1.500	7.500
15006754	IES MARQUÉS DE SUANZES	FERROL	A CORUÑA	1.200	4.000	2.000	7.200
15007400	CPI PONTE CARREIRA	FRADES	A CORUÑA	2.000	2.000	500	4.500
15011567	CEIP DE SIGÜEIRO	OROSO	A CORUÑA	4.000	3.100	400	7.500
15015767	IES MONTE DE CONXO	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA	3.000	900	900	4.800
15021354	CEIP BERGANTÍÑOS	CARBALLO	A CORUÑA	6.000	1.800	2.600	10.400
15021627	CEIP EMILIA PARDO BAZÁN	A CORUÑA	A CORUÑA	2.000	2.000	600	4.600
15023375	CEIP JOSÉ CORNIDE SAAVEDRA	A CORUÑA	A CORUÑA	3.000	2.000	1.500	6.500
15024239	CEIP OS MUÍÑOS	MUXIÁ	A CORUÑA	4.935	1.800	450	7.185
15024902	CEIP WENCESLAO FDEZ. FLÓREZ	A CORUÑA	A CORUÑA	1.000	1.800	3.800	6.600
15026029	IES ISAAC DÍAZ PARDO	SADA	A CORUÑA	2.650	1.200	650	4.500
15026765	CEIP MILLADOIRO	MALPICA DE BERGANTÍÑOS	A CORUÑA	6.982	1.000	250	8.232
15026777	CEIP PEPE DE XAN BAÑA	SANTA COMBA	A CORUÑA	3.575	3.100	1.180	7.855
15027711	IES LELIADOURA	RIBEIRA	A CORUÑA	5.000	2.500	3.000	10.500
15027733	IES DE ARZÚA	ARZÚA	A CORUÑA	4.000	3.000	1.000	8.000
15027848	CRA. NOSA SEÑORA DO FARO	PONTECESO	A CORUÑA	4.300	1.200	1.200	6.700
15027873	IES AFONSO X O SABIO	CAMBRE	A CORUÑA	8.000	1.800	1.500	11.300
15027897	IES PASEO DAS PONTES	A CORUÑA	A CORUÑA	7.400	1.800	1.500	10.700
15032081	IES DE FENE	FENE	A CORUÑA	5.000	2.000	4.500	11.500
27007259	IES RÍO CABE	MONFORTE DE LEMOS	LUGO	2.185	2.500	646	5.331
27012036	IES GREGORIO FERNÁNDEZ	SARRIA	LUGO	3.700	2.200	1.500	7.400